

DEPARTAMENTO DE INGLÉS DO IESPLURILINGÜE AMES

ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO CURSO ACADÉMICO 2021-2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG 11/02/2022)

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Considérase que un alumno acada os obxectivos marcados na materia para a súa promoción cando consegue unha nota mínima dun 5 na avaliación ordinaria. Esta nota obterase aplicando as seguintes porcentaxes á nota obtida en cada unha das tres avaliacións:

1ª AVALIACIÓN 20% 2ª AVALIACIÓN 30% 3ª AVALIACIÓN 50%

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicárase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación, incluíndo unha proba na que haberá que acadar unha nota mínima de 5 para recuperar a materia. A cualificación definitiva farase efectiva na avaliación final de curso.

As cuestións de dita proba cubrirán os seguintes contidos:

- Compresión escrita
- Expresión escrita
- Coñecemento da lingua (Grammar and vocabulary)

Deste xeito haberá tres bloques de preguntas que en total sumarán un 100% repartido da seguinte maneira:

- Compresión escrita (15%)
- Expresión escrita (30%)
- Coñecemento da lingua (55%: Grammar 40%; Vocabulary 15%)

AVALIACIÓN FINAL DE CURSO 2021-2022 PRIMEIRO BACHARELATO

Para a avaliación final do periodo ordinario aplicarase as seguintes porcentaxes a cada unha das tres avaliacións realizadas ao longo do curso:

1ª AVALIACIÓN 20% 2ª AVALIACIÓN 30% 3ª AVALIACIÓN 50%

A suma resultante despois de ter aplicados ditas porcentaxes terá que ser de 5 ou superior para aprobar a materia. O alumnado coa materia superada realizará actividades de ampliación ata o remate do periodo lectivo. Ditas actividades poderán facilitar ao alumnado un mellor rendemento no vindeiro curso escolar.

O alumnado que obtivera unha nota inferior a 5 terá dereito a realizar unha proba extraordinaria. O período comprendido entre a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do periodo lectivo adicarase á preparación e á realización da proba extraordinaria, así como á realización de actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría.

A proba constará de varias preguntas baseadas nos contidos mínimos esixidos para o nivel correspondente. As cuestións de dita proba cubrirán os seguintes contidos:

- Compresión escrita
- Expresión escrita
- Comprensión oral
- Coñecemento da lingua

Deste xeito haberá catro bloques de preguntas que en total sumarán un 100% repartido da seguinte maneira:

- Compresión escrita (15%)
- Expresión escrita (25%)
- Comprensión oral (10%)
- Coñecemento da lingua (50%: Grammar 35%; vocabulary 15%)

.....
PÁXINAS 24, 25, 26 DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA: elimínanse todos os indicadores destas páxinas, quedando redactado da seguinte maneira:

TRABALLO DENTRO E FÓRA DA CLASE (escenario presencial e semi-presencial)

A porcentaxe que ocupará a cualificación do traballo dentro e fóra da clase dentro da cualificación global de cada ciclo avaliativo é o 10%. Neste apartado valoraranse o traballo e o seu grado de implicación nas actividades da aula e das que se podan realizar fóra dela.